



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	Historia do Mundo Contemporáneo	Nivel	1º BAC
Profesor	PERNAS OROZA, Herminia		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE
<p>TEMA 1 A EUROPA DO ANTIGO RÉXIME</p> <p>TEMA 2 A CRISE DO ANTIGO RÉXIME</p> <p>TEMA 3 A PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL</p> <p>TEMA 4 OS ESTADOS EUROPEOS: LIBERALISMO E NACIONALISMO</p> <p>TEMA 5 OS CAMBIOS NA SOCIEDADE EUROPEA DO SÉCULO XIX (AS ORIXES DO MOVEMENTO OBREIRO: 1800-1914)</p>
2º TRIMESTRE
<p>TEMA 6 A 2ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL. AS GRANDES POTENCIAS NA ÉPOCA DO IMPERIALISMO. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL</p> <p>TEMA 7 O PERÍODO DE ENTREGUERRAS: REVOLUCIÓN RUSA E FORMACIÓN DA URSS; EVOLUCIÓN DA ECONOMÍA CAPITALISTA</p> <p>TEMA 8 O MUNDO NA ÉPOCA DE ENTREGUERRAS: DEMOCRACIAS E TOTALITARISMOS</p> <p>TEMA 9 A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL</p>
3º TRIMESTRE
<p>TEMA 10 A GUERRA FRÍA: UN MUNDO BIPOLAR</p> <p>TEMA 11 A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO</p> <p>TEMA 12 O BLOQUE COMUNISTA E O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX</p> <p>TEMA 13 O MUNDO ACTUAL</p>

AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS

1) PROBAS ESCRITAS

Realizarase unha proba escrita como mínimo, por trimestre que constará de preguntas de teoría, definición de conceptos e análise de distintas fontes históricas. Para que estas probas ou exames fagan media entre si deberá acadarse unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

- **Valoración das probas escritas: 70% da nota total da avaliación.**

2) TRABALLO INDIVIDUAL OU DE GRUPO REALIZADO NA AULA/CASA

- ✓ Trátase de traballos –individuais ou de grupo- de resumo e síntese así como tamén de pescuda, sobre temas puntuais propostos.
- ✓ Participación oral na aula ben a título individual ou en forma de debates.
- ✓ Actividades para realizar na aula e/ou casa nas que teñen un especial protagonismo as composicións de textos históricos.
- **Valoración do traballo individual ou en grupo: 30% da nota total da avaliación**

Outros aspectos que se terán en conta á hora de cualificar as distintas probas que realice o alumnado son:

- Se un alumno non se presenta a un exame, só terá dereito á realización do mesmo cando achegue un documento oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.
- A cualificación na avaliación ordinaria de maio será a media das tres avaliacións parciais. O resultado desta media redondearase segundo a evolución do/a alumno/a durante o curso.

RECUPERACIÓN

O alumnado que por diversas razóns non asista á clase e perda o dereito á avaliación continua terá que someterse a unha proba final de toda a materia no mes de xuño.

Cando un alumno non acade os mínimos esixibles na avaliación, terá a posibilidade de recuperación realizando unha proba escrita sobre os mesmos contidos.

Se a nota media das tres avaliacións non chega ao aprobado, o alumnado terá dereito a unha última convocatoria, a través dunha proba única que se realizará no mes de xuño (convocatoria ordinaria).

O alumnado que non aprobe na devandita convocatoria ordinaria deberá presentarse á avaliación extraordinaria de setembro. Realizarase unha única proba escrita.

MATERIAL DE TRABALLO

O material, tanto teórico coma práctico, que se vai empregar neste curso está colgado na **aula virtual** do **IES Monte Castelo**. Para que o alumnado poida acceder ao mesmo ten que entrar na materia correspondente ao nivel de 1º BAC. O manual de referencia para este nivel é *Historia do Mundo Contemporáneo*. Ed. Anaya.

En calquera momento o profesor poderá achegar outro tipo de material (fotocopias, vídeos, audios, libros de consulta...) que estime oportuno para reforzar a teoría ou a práctica que se estea a traballar nese trimestre.